- a) *As Corporacións locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.*
 - b) *No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior se mantivese con signo positivo e a Corporación local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean viventes que sexa necesario para que a Corporación local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.*
 - c) *Se cumprido o establecido nas letras a) e b) anteriores a Corporación local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable. Para estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.*
- Para aplicar o establecido no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.*
3. *Excepcionalmente, as Corporacións locais que no exercicio 2013 cumpran co disposto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme as regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.*
4. *O importe do gasto realizado de acordo co establecido nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable para efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.*
5. *En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante a Lei de orzamentos xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo."*

Posteriormente entrou en vigor a disposición adicional nonaxésima sexta "Destino do superávit das entidades locais correspondente a 2016" da Lei 03/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, que é do seguinte teor literal:

"En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2016, prorógase para 2017 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Para os efectos do apartado 5 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no suposto de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2017, a parte restante do gasto autorizado en 2017 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2018, financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2017 que quedará afectado para ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2018."

A definición de investimento financeiramente sustentable a efectos dos disposto na Lei orgánica 2/2012 recollese na disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2014, do 5 de marzo, engadida polo Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, e cuxa redacción a día de hoxe e a derivada do Real decreto-lei 1/2018, do 23 marzo, polo que se prórroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e modifícase o ámbito obxectivo destes:

"Para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, entenderase por investimento financeiramente sostible o que cumpre todo os requisitos seguintes:

1. *Que o investimento o realicen, en todo caso, entidades locais que estean ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*

A) Ademais, deberá ter reflexo orzamentario nos seguintes grupos de programas recollidos no anexo I da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais:

- 160. Rede de sumidoiros.
- 161. Abastecemento domiciliario de auga potable.
- 162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos.
- 165. Iluminación pública.
- 172. Protección e mellora do medio.
- 412. Mellora de las estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.
- 422. Industria.
- 425. Enerxía.
- 431. Comercio.
- 432. Información e promoción turística.
- 441. Transporte de viaxeiros.
- 442. Infraestruturas do transporte.
- 452. Recursos hidráulicos.
- 463. Investigación científica, técnica e aplicada.
- 491. Sociedade da información.
- 492. Xestión do coñecemento.

B) O investimento poderá ter reflexo orzamentario nalgún dos grupos de programas seguintes:

- 132. Seguridade e Orde Pública.
- 133. Ordenación do tráfico e do estacionamento.
- 135. Protección civil.
- 136. Servizo de prevención e extinción de incendios.
- 153. Vías públicas.
- 171. Parques e xardíns.
- 231. Asistencia social primaria.
- 321. Creación de Centros docentes de ensino infantil e primario.
- 323. Funcionamento de centros docentes de ensino infantil e primario e educación especial.
- 332. Bibliotecas e Arquivos.
- 333. Equipamentos culturais e museos.
- 336. Protección do Patrimonio Histórico-Artístico.
- 342. Instalacións deportivas.
- 453. Estradas.
- 454. Camiños veciñais.
- 933. Xestión do patrimonio, no que se poderán incluír as aplicadas á rehabilitación, reparación e mellora de infraestruturas e de inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público incluíndo as actuacións de adaptación de infraestruturas que permitan a accesibilidade universal para persoas con discapacidade e persoas maiores.



Cando exista gasto de investimento nestes últimos grupos de programas, e se incorra nun gasto de investimento no conxunto de grupos de programas citados neste apartado superior a 15 millóns de euros ou ao 40 % do gasto non financeiro total da entidade local respectiva e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento requirirase autorización previa da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

2. *Quedan excluídos tanto os investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos como os que se refiran a mobiliario e aveños, salvo que se destinen á prestación de servizos asociados aos grupos de programas recollidos no apartado anterior. Tamén quedan excluídos os investimentos en vehículos, salvo que se destinen á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde pública, protección civil, prevención e extinción de incendios, e de transporte de viaxeiros.*
3. *O gasto que se realice deberá ser imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación local. De forma excepcional poderán incluírse tamén indemnizacións ou compensacións por rescisión de relacións contractuais, imputables noutros capítulos do orzamento da Corporación local, sempre que estas teñan carácter complementario e se deriven directamente de actuacións de reorganización de medios ou procesos asociados ao investimento acometido. No caso das Deputacións provinciais, Consellos e Cabidos insulares poderán incluír gasto imputable tamén no capítulo 6 e 7 do estado de gastos dos seus orzamentos xerais destinadas a financiar investimentos que cumpran o disposto nesta disposición, e se asignen a municipios que:*
 - a) *Cumpran co establecido na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril,*
 - b) *ou ben, non cumprindo o previsto na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, o investimento non comporte gastos de mantemento e así quede acreditado no seu Plan económico-financieiro convenientemente aprobado.*
4. *Que o investimento permita, durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e débeda pública por parte da Corporación local. Con tal fin valorarase, o gasto de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que xere o investimento durante a súa vida útil.*
5. *A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigacións económicas derivadas do investimento executado deberao realizar a Corporación local antes da finalización do exercicio de aplicación da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril. No entanto, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2014, a parte restante do gasto comprometido en 2014 poderase recoñecer no exercicio 2015 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2014 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incurrir en déficit ao final do exercicio 2015.*
6. *O expediente de gasto que se tramite incorporará unha memoria económica específica, subscrita polo presidente da Corporación local, ou a persoa da Corporación local en quen delegue, na que se conterá a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Corporación local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores. Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao pleno da Corporación local do grao de cumprimento dos criterios previstos nos apartados anteriores e farase público no seu portal web.*
7. *Sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, se o informe do interventor da Corporación local ao que se refire o apartado anterior é desfavorable, o interventor remitirao ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira da Corporación local.*
8. *O interventor da Corporación local informará ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados en aplicación do previsto nesta disposición."*

B. DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.

O Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro, que aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais vixente no que non se opoña ou contradiga á Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril (modificada pola Lei orgánica 4/2012, do 28 de setembro), no artigo 16.2, establece o carácter preceptivo do informe da Intervención local sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e os seus organismos e as entidades



dependentes con motivo da aprobación do orzamento xeral (incorporándoo ao informe previsto no artigo 168.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais) coa ocasión da aprobación dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito polo Pleno corporativo (referíndose ao informe establecido no artigo 177.2 do TRLRHL) e con motivo da liquidación do orzamento (incorporándose, neste caso, ao informe requirido no artigo 191.3 do TRLRHL).

Os artigos que se detallan na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (modificada pola Lei orgánica 4/2012, do 28 de setembro) establecen diferentes obxectivos que deben cumprir as entidades locais:

"Art. 11. Instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria.

1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Administracións públicas e demais entidades que forman parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria.
2. Ningunha Administración pública poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais. No entanto, en caso de reformas estruturais con efectos orzamentarios a longo prazo, de acordo coa normativa europea, poderá alcanzarse no conxunto de Administracións públicas un déficit estrutural do 0,4 por cento do Produto Interior Bruto nacional expresado en termos nominais, ou o establecido na normativa europea cando este fose inferior.
3. Excepcionalmente, o Estado e as Comunidades Autónomas poderán incurrir en déficit estrutural en caso de catástrofes naturais, recesión económica grave ou situacións de emerxencia extraordinaria que escapen ao control das Administracións Públicas e prexudiquen considerablemente a súa situación financeira ou a súa sustentabilidade económica ou social, apreciadas pola maioría absoluta dos membros do Congreso dos Deputados. Esta desviación temporal non pode poñer en perigo a sustentabilidade fiscal a medio prazo. Para os efectos anteriores a recesión económica grave defínese de conformidade co disposto na normativa europea. En calquera caso, será necesario que se de unha taxa de crecemento real anual negativa do Produto Interior Bruto, segundo as contas anuais da contabilidade nacional. Nestes casos deberá aprobarse un plan de reequilibrio que permita a corrección do déficit estrutural tendo en conta a circunstancia excepcional que orixinou o incumprimento.

Art. 12. Regra de gasto.

1. A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. No entanto, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 desta lei.

Art. 13. Instrumentación do principio de sustentabilidade financeira.

2. A Administración Pública que supere o seu límite de débeda pública non poderá realizar operacións de endebedamento neto."

De non cumprirse estes obxectivos estarase ao establecido nos seguintes artigos:

"Art. 21. Plan económico-financeiro.

1. En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.
2. O plan económico-financeiro conterá como mínimo a seguinte información.
 - a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
 - b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
 - c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
 - d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
 - e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.
3. En caso de estar incursos no procedemento de déficit excesivo da Unión Europea ou doutros mecanismos de supervisión europeos, o plan deberá incluír calquera outra información adicional esixida.



Art. 23. Tramitación e seguimento dos plans económico-financeiros e dos plans de reequilibrio.

1. Os plans económico-financeiros e os plans de reequilibrio serán presentados, previo informe da autoridade independente de responsabilidade fiscal, nos supostos que resulte preceptivo, ante os órganos contemplados nos apartados seguintes no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ou se aprecien as circunstancias previstas no artigo 11.3, respectivamente.
4. Os plans económico-financeiros elaborados polas Corporacións locais deberán ser aprobados polo Pleno da Corporación. Os correspondentes ás corporacións incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais serán remitidos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa aprobación definitiva e seguimento, salvo no caso de que a Comunidade Autónoma en cuxo territorio estea a Corporación local teña atribuída no seu Estatuto de Autonomía a competencia de tutela financeira sobre as entidades locais.
Neste último suposto o plan será remitido á correspondente Comunidade Autónoma, a cal será a responsable da súa aprobación e seguimento. A Comunidade Autónoma deberá remitir información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos devanditos plans e dos resultados do seguimento que efectúe sobre estes.
Os plans económico-financeiros remitiranse para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local. Darase a estes plans a mesma publicidade que a establecida polas leis para os orzamentos da entidade.

Art. 24. Informes de seguimento dos plans económico-financeiros e dos plans de reequilibrio

1. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, elaborará, trimestralmente, un informe de seguimento da aplicación das medidas contidas nos plans económico-financeiros e os plans de reequilibrio en vigor, para o que solicitará a información necesaria."

Por outra banda o artigo 21.1 do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (vixente no que non se opoña, contradiga ou resulte incompatible coa Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira) establece o seguinte:

"Art. 21. Aprobación dos Plans económico-financeiros polo Pleno.

1. A aprobación do Plan económico-financeiro polo Pleno da entidade local poderá efectuarse na mesma sesión que a correspondente á aprobación do orzamento xeral ou das súas modificacións que sexan da súa competencia, mediante acordo específico e separado do de aprobación do orzamento, no caso de que sexa o propio orzamento inicial ou modificacións posteriores as que incumpran o obxectivo. En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do plan é de tres meses contados desde a aprobación do orzamento xeral ou as súas modificacións.
Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior as modificacións orzamentarias financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais, as cales non precisan de elaboración de Plan económico-financeiro ata a liquidación do orzamento, no seu caso."

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local incluíu o artigo 116 bis na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que se refire ao "Contido e seguimento do plan económico-financeiro" nos seguintes termos:

"Artigo 116 bis Contido e seguimento do plan económico-financiero.

1. Cando por incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, as Corporacións locais incumpridoras formulen o seu plan económico-financeiro farano de conformidade cos requisitos formais que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
2. Adicionalmente ao establecido no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o mencionado plan incluírá, polo menos, as seguintes medidas:



- a) *Supresión das competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.*
 - b) *Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a entidade local para reducir os seus custos.*
 - c) *Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a entidade local.*
 - d) *Racionalización organizativa.*
 - e) *Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.*
 - f) *Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.*
3. *A Deputación provincial ou entidade equivalente asistirá ao resto de corporacións locais e colaborará coa administración que exerza a tutela financeira, segundo corresponda, na elaboración e o seguimento da aplicación das medidas contidas nos plans económicos-financeiro. A Deputación ou entidade equivalente propondrá e coordinará as medidas recollidas no apartado anterior cando teñan carácter supramunicipal, que serán valoradas antes de aprobarse o plan económico-financeiro, así como outras medidas supramunicipais distintas que se previran, incluído o seguimento da fusión de entidades locais que se acordou."*

Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de límite de gasto non financeiro para o período 2018-2020 foron fixados polo Acordo do Consello de Ministros do 7 de xullo de 2017 e aprobáronse polo Pleno do Congreso o 11 de xullo de 2017 e polo Pleno do Senado o 12 de xullo de 2017, conforme aos indicadores que se transcriben a continuación:

ANEXO I

**OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA
PARA O PERÍODO 2018-2020**

*Capacidade (+) Necesidade (-) de Financiamento, SEC-2010
(En porcentaxe do PIB)*

	2018	2019	2020
<i>Administración Central</i>	-0,7	-0,3	0,0
<i>Comunidades Autónomas</i>	-0,4	0,1	0,0
<i>Entidades Locais</i>	0,0	0,0	0,0
<i>Seguridade Social</i>	-1,1	-0,9	-0,5
Total Administracións públicas	-2,2	-1,3	-0,5



ANEXO II

OBXECTIVO DE DÉBEDA PÚBLICA

PARA O PERÍODO 2018-2020 (*)

(Débeda PDE en porcentaxe do PIB)

	2018	2019	2020
<i>Administración Central e Seguridade Social</i>	70,8	69,5	67,6
<i>Comunidades Autónomas</i>	24,1	23,3	22,4
<i>Entidades Locais</i>	2,7	2,6	2,5
Total Administracións Públicas	97,6	95,4	92,5

() Estes obxectivos de débeda pública poderanse rectificar polo importe efectivo da execución e os mecanismos adicionais de financiamento para as Comunidades Autónomas que se produzan durante os respectivos exercicios sempre que non se destinen a financiar vencementos de débeda ou déficit do exercicio en que se execute e polos incrementos de débeda derivados de reclasificacións de entidades e organismos públicos no Sector de Administracións públicas sempre que non financien déficit do exercicio.*

ANEXO III

REGRA DE GASTO

PARA O PERÍODO 2018-2020

Taxa de referencia nominal

(% variación anual)

2018	2019	2020
2,4	2,7	2,8

A. NORMAS CONTIDAS NO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2019.

- A Disposición adicional septuaxésimo novena. "*Destino do superávit das entidades locais correspondente o 2018*"
Na data da emisión do presente informe non se aprobou a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019.

SEGUNDO.- ADECUACIÓN DO EXPEDIENTE Á LEXISLACIÓN CITADA.

A. DE CARÁCTER XERAL

PROCEDEMENTO

O expediente de modificación de crédito núm. 1/2019 de aprobación polo Pleno, tramítase ao amparo das disposicións do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, que regulan a materia en relación cos suplementos de crédito e créditos extraordinarios, sendo o seu importe total de 83.325.998,13€.

FINANCIAMENTO

O presente expediente de modificación de créditos por un total de 83.325.998,13€ finánciase con remanente de tesourería para gastos xerais pola cantidade de 82.617.748,13 € e 708.250,00 € por medio de baixas en outras aplicacións.

Tal e como se indica na proposta obxecto do informe, o contido resumido do expediente é o seguinte:

NECESIDADES DE FINANCIAMENTO		FONTES DE FINANCIAMENTO	
Créditos extraordinarios	9.056.971,91	Remanente de tesourería	82.617.748,13
Suplementos de crédito	74.269.026,22	Baixas por anulación	708.250,00
TOTAL	83.325.998,13	TOTAL	83.325.998,13

O resumo por capítulos das modificacións propostas presenta o seguinte detalle:

CAPÍTULO GASTOS	MODIFICACIÓNS		CAPÍTULO INGRESOS	MODIFICACIÓNS
	AUMENTOS	BAIXAS		
1.- Gastos de persoal	0,00		1.- Impostos directos	0,00
2.- Gastos correntes en bens e servizos	5.642.546,97	708.250,00	2.- Impostos indirectos	0,00
3.- Gastos financeiros	0,00		3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	0,00
4.- Transferencias correntes	6.610.580,95		4.- Transferencias correntes	0,00
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00		5.- Ingresos patrimoniais	0,00
6.- Investimentos reais	12.176.316,48		6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
7.- Transferencias de capital	53.996.683,55		7.- Transferencias de capital	0,00
8.- Activos financeiros	4.899.870,18		8.- Activos financeiros	82.617.748,13
9.- Pasivos financeiros	0,00		9.- Pasivos financeiros	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	83.325.998,13	708.250,00	TOTAL MODIFICACIÓNS	82.617.748,13

Do superávit orzamentario por operacións non financeiras do exercicio 2018 destínase 30.000.000,00 euros para unha maior achega provincial ao POS+ 2019: "POS+ Adicional 1/2019". Neste apartado é necesario subliñar que na Disposición adicional septuaxésimo novena. "Destino do superávit das entidades locais correspondente ao 2018" do proxecto de lei de orzamentos xerais do estado para o exercicio 2019 indícase o seguinte:

"En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2018, prorrógase para o 2019 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional decimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Aos efectos do apartado 5 da última disposición citada, as referencias aos anos 2014 e 2015, deberán entenderse a 2019 e 2020, respectivamente.

No suposto de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2019, a parte restante do gasto autorizado en 2019 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2020, financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2019 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a Corporación Local non poderá incurrir en déficit ao final do exercicio 2020."

Ao non ser aprobado o Proxecto de Lei é necesario condicionar a dispoñibilidade do dito crédito á acreditación das seguintes circunstancias:



PRIMEIRA: Que se autorice a aplicación para o exercicio 2019 da excepción prevista na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira na redacción dada a este precepto pola Lei orgánica 2/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, nos termos que dispoña a Lei de orzamentos xerais do estado para o ano 2019 ou a norma legal oportuna.

SEGUNDA: Que se leve a cabo a adecuación orzamentaria necesaria para atender as propostas dos concellos de participar no POS+ Adicional 1/2019 a través de "Investimentos financeiramente sustentables", de acordo coa definición contida na disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción dada a este precepto pola disposición final primeira do Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro (BOE núm. 46, do 22 de febreiro).

TERCEIRA: Que a aplicación dos créditos definitivos sexa compatible co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra do gasto pola deputación.

B. DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.

Recóllese a continuación a valoración de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da chamada "Regra de Gasto" e do "Límite de endebedamento" aos que se refire a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, como consecuencia de incluír no orzamento provincial o expediente de modificación de créditos núm. 1/2019 de aprobación polo Pleno.

B.1 – AVALIACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

B.1.1- Situación de estabilidade no Orzamento aprobado inicialmente para o exercicio 2019.

As previsións iniciais contidas no Orzamento da Deputación provincial para o exercicio 2019 responden ao seguinte detalle:

Orzamento 2019	Previsións iniciais
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
1.- Recursos correntes	183.109.300,00
Capítulo 1.- Impostos directos	16.919.452,26
Capítulo 2.- Impostos indirectos	15.250.362,65
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.203.931,95
Capítulo 4.- Transferencias correntes	138.651.953,14
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	83.600,00
2.- Empregos correntes	134.636.717,35
Capítulo 1.- Gastos de persoal	44.095.986,62
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	26.509.538,11
Capítulo 3.- Gastos financeiros	66.000,00
Capítulo 4.- Transferencias correntes	60.292.992,62
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.672.200,00
Aforro bruto (1-2)	48.472.582,65
3.- Recursos de capital	0,00
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo 7.- Transferencias de capital	0,00
4.- Empregos de capital	30.191.811,65
Capítulo 6.- Investimentos reais	18.767.391,00
Capítulo 7.- Transferencias de capital	11.424.420,65
Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (1+3-2-4)	18.280.771,00
5.- Recursos financeiros	
Capítulo 8.- Activos financeiros	500.000,00
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00
6.- Empregos financeiros	18.780.771,00
Capítulo 8.- Activos financeiros	18.780.771,00
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00
Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (5-6)	-18.280.771,00
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO TOTAL	0,00

A análise das cifras detalladas no cadro precedente permite realizar as seguintes consideracións:

1ª) O aforro bruto previsto é positivo e ascende a 48.472.582,65€.

2ª) O aforro bruto citado permite financiar os “empregos” de capital previstos (30.191.811,65€) e xeran unha capacidade de financiamento do total de operacións non financeiras previstas de 18.280.771,00 €.

3ª) A capacidade de financiamento xerado polas operacións non financeiras coincide coa necesidade de financiamento que resulta das operacións financeiras, acreditándose, deste xeito, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e a efectiva nivelación orzamentaria das previsións iniciais do exercicio 2019.

Para unha valoración máis precisa dos resultados indicados é necesario poñer de manifesto que nos créditos iniciais do capítulo V do estado de gastos recóllese unha dotación de 3.672.200,00 € para o fondo de continxencia a que se refire o artigo 31 da LOEOeSF.

B.1.2- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria no EMC 1/2019.

Non se toma en consideración o importe destinado a incrementar a dotación inicial do POS+2019, que ascende a 30.000.000,00 € pola razón exposta no apartado A do presente informe.

No presente exercicio tramitouse un expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes de crédito sobre o orzamento inicial que unido ao presente expediente dan como resultado unha situación de estabilidade orzamentaria, de carácter formal que é a que se describe no cadro seguinte:

AVALIACIÓN PREVIA DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA: E.M.C. 1/2019 DE APROBACIÓN POLO PLENO

ORZAMENTO 2019	Prev. / Créditos iniciais	MODIFICACIÓNS		Prev. / Créditos antes EMC 1/2019	MODIFICACIÓNS EMC 1/2019		Prev. / Créditos despois EMC 1/2019
		Aumentos	Disminucións		Aumentos	Disminucións	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS							
1.- Recursos correntes	183.109.300,00	1.534.061,16	0,00	184.643.361,16	0,00	0,00	184.643.361,16
Capítulo 1.- Impostos directos	16.919.452,26		0,00	16.919.452,26	0,00	0,00	16.919.452,26
Capítulo 2.- Impostos indirectos	15.250.362,65		0,00	15.250.362,65	0,00	0,00	15.250.362,65
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.203.931,95		0,00	12.203.931,95	0,00	0,00	12.203.931,95
Capítulo 4.- Transferencias correntes	138.651.953,14	1.534.061,16	0,00	140.186.014,30	0,00	0,00	140.186.014,30
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	83.600,00		0,00	83.600,00	0,00	0,00	83.600,00
2.- Empregos correntes	134.636.717,35	30.532.807,71	44.040,00	165.125.485,06	12.253.127,92	708.250,00	176.670.362,98
Capítulo 1.- Gastos de persoal	44.095.986,62	99.003,70		44.194.990,32	0,00	0,00	44.194.990,32
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	26.509.538,11	7.418.793,97		33.928.332,08	5.642.546,97	708.250,00	38.862.629,05
Capítulo 3.- Gastos financeiros	66.000,00			66.000,00	0,00	0,00	66.000,00
Capítulo 4.- Transferencias correntes	60.292.992,62	23.015.010,04	44.040,00	83.263.962,66	6.610.580,95	0,00	89.874.543,61
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.672.200,00			3.672.200,00	0,00	0,00	3.672.200,00
Aforro bruto (1-2)	48.472.582,65	-28.998.746,55	-44.040,00	19.517.876,10	-12.253.127,92	-708.250,00	7.972.998,18
3.- Recursos de capital	0,00	6.443.496,08	0,00	6.443.496,08	0,00	0,00	6.443.496,08
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	0,00		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Capítulo 7.- Transferencias de capital	0,00	6.443.496,08	0,00	6.443.496,08	0,00	0,00	6.443.496,08
4.- Empregos de capital	30.191.811,65	129.153.044,26	763.270,00	158.581.585,91	66.173.000,03	0,00	224.754.585,94
Capítulo 6.- Investimentos reais	18.767.391,00	30.013.594,06	33.120,00	48.747.865,06	12.176.316,48	0,00	60.924.181,54
Capítulo 7.- Transferencias de capital	11.424.420,65	99.139.450,20	730.150,00	109.833.720,85	53.996.683,55	0,00	163.830.404,40
Cap. (+) ou nec. (-) de financiamento (1+3-2-4)	18.280.771,00	-151.708.294,73	-807.310,00	-132.620.213,73	-78.426.127,95	-708.250,00	-210.338.091,68
OPERACIÓNS FINANCEIRAS							
5.- Recursos financeiros	500.000,00	163.114.464,87	0,00	163.614.464,87	82.617.748,13	0,00	246.232.213,00
Capítulo 8.- Activos financeiros	500.000,00	163.114.464,87	0,00	163.614.464,87	82.617.748,13	0,00	246.232.213,00
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00		0,00	0,00		0,00	0,00
6.- Empregos financeiros	18.780.771,00	12.213.480,14	0,00	30.994.251,14	4.899.870,18	0,00	35.894.121,32
Capítulo 8.- Activos financeiros	18.780.771,00	12.213.480,14	0,00	30.994.251,14	4.899.870,18	0,00	35.894.121,32
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00		0,00	0,00		0,00	0,00
Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (5-6)	-18.280.771,00	150.900.984,73	0,00	132.620.213,73	77.717.877,95	0,00	210.338.091,68
Cap. (+) ou nec. (-) neta de financiamento (1+3+5-2-4-6)	0,00	-807.310,00	-807.310,00	0,00	-708.250,00	-708.250,00	0,00



Neste cadro ponse de manifesto que nas previsións definitivas de ingresos e gastos do Orzamento provincial do exercicio 2019 unha vez incorporadas as modificacións que recolle o EMC 1/2019 existe un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria de 210.338.091,68 que ten a súa orixe na aplicación do remanente de tesourería do exercicio 2019 (conceptos 870.00 e 870.10 do estado de ingresos) como fonte de financiamento das modificacións de crédito seguintes:

Concepto	Remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado	Remanente de tesourería para gastos xerais	Remanente de tesourería total
Dispoñible a 31/12/2018	75.346,24	305.718.118,50	305.793.464,74
Aplicado a incorporación de remanentes	75.346,24	163.039.118,63	163.114.464,87
Aplicado ao EMC núm. 1/2019	0,00	82.617.748,13	82.617.748,13
Saldo	0,00	60.061.251,74	60.061.251,74

Ao respecto debe sinalarse que o remanente de tesourería do exercicio 2018, utilizado como recurso para financiar expedientes de modificación de créditos non pode considerarse como unha operación de endebedamento do exercicio 2019 senón que constitúe unha fonte de financiamento propia derivada da execución orzamentaria provincial.

Do exposto anteriormente dedúcese que para unha axeitada valoración do obxectivo de estabilidade orzamentaria na Deputación Provincial da Coruña, ao comparar as “previsións definitivas” de ingresos e os “créditos definitivos” de gastos do exercicio 2019, resulta ilustrativo realizar as valoracións que se recollen no cadro seguinte:



AVALIACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA: EMC 1/2019 AXUSTES EN PREVISIÓNS/CRÉDITOS DEFINITIVOS.

ORZAMENTO 2018	Prev. / Créditos despois do EMC 1/2019 (A)	Modificacións por aplicación do remanente de tesourería (B)	TOTAL (A) - (B)
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS			
1.- Recursos correntes	184.643.361,16	0,00	184.643.361,16
Capítulo 1.- Impostos directos	16.919.452,26		16.919.452,26
Capítulo 2.- Impostos indirectos	15.250.362,65		15.250.362,65
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.203.931,95		12.203.931,95
Capítulo 4.- Transferencias correntes	140.186.014,30		140.186.014,30
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	83.600,00		83.600,00
2.- Empregos correntes	176.670.362,98	39.736.314,47	136.934.048,51
Capítulo 1.- Gastos de persoal	44.194.990,32	3.160,00	44.191.830,32
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	38.862.629,05	11.461.454,93	27.401.174,12
Capítulo 3.- Gastos financeiros	66.000,00		66.000,00
Capítulo 4.- Transferencias correntes	89.874.543,61	28.271.699,54	61.602.844,07
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.672.200,00		3.672.200,00
Aforro bruto (1-2)	7.972.998,18	-39.736.314,47	47.709.312,65
3.- Recursos de capital	6.443.496,08	0,00	6.443.496,08
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	0,00		0,00
Capítulo 7.- Transferencias de capital	6.443.496,08		6.443.496,08
4.- Empregos de capital	224.754.585,94	170.907.548,21	53.847.037,73
Capítulo 6.- Investimentos reais	60.924.181,54	34.746.414,46	26.177.767,08
Capítulo 7.- Transferencias de capital	163.830.404,40	136.161.133,75	27.669.270,65
Cap. (+) ou nec. (-) de financiamento (1+3-2-4)	-210.338.091,68	-210.643.862,68	305.771,00
OPERACIÓNS FINANCEIRAS			
5.- Recursos financeiros	246.232.213,00	227.757.213,00	18.475.000,00
Capítulo 8.- Activos financeiros	246.232.213,00	227.757.213,00	18.475.000,00
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00		0,00
6.- Empregos financeiros	35.894.121,32	17.113.350,32	18.780.771,00
Capítulo 8.- Activos financeiros	35.894.121,32	17.113.350,32	18.780.771,00
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	0,00		0,00
Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (5-6)	210.338.091,68	210.643.862,68	-305.771,00
Cap. (+) ou nec. (-) neta de financiamento (1+3+5-2-4-6)	0,00	0,00	0,00



Neste último cadro, ponse de manifesto que a situación das previsións e créditos definitivos despois do expediente de modificación de créditos núm. 1/2019 presentan unha “capacidade de financiamento total de 210.338.091,68 €; non obstante, se se exclúen do cómputo todas aquelas modificacións orzamentarias correspondentes as operacións non financeiras do exercicio 2019 que se financiaron con remanente de tesourería do exercicio 2018 (210.643.862,68 €) obtense unha situación que pon de manifesto que as operacións non financeiras xeran unha necesidade de financiamento de 305.771,00 €. e que as operacións financeiras dan lugar a unha capacidade de financiamento de 305.771,00 €.

En virtude do exposto resulta evidente que o “desequilibrio” ou “necesidade de financiamento” indicado require dun Plan económico financeiro de corrección que, en todo caso deberá poñer de manifesto que o desequilibrio está motivado exclusivamente pola utilización do remanente de tesourería como recurso para financiar modificacións de créditos nos conceptos de gasto non financeiro. O Plan económico debe ter o contido establecido no art. 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Todo iso sen prexuízo do resultado que se obteña ao longo do exercicio como consecuencia da real e efectiva execución orzamentaria das previsións agora analizadas.

Se a evolución do obxectivo de estabilidade orzamentaria se avaliasse cos criterios utilizados pola Administración do Estado para configurar a información orzamentaria a remitir en aplicación da Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2105/2012, do 1 de outubro, modificada pola Orde HAP 2082/2014, do 7 de novembro, pola que se desenvolven as obrigacións de achegar a información disposta na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, obtéñense os resultados que se inclúen no anexo núm. I ao presente expediente de modificacións de crédito que pon de manifesto o previsíbel cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao longo do exercicio nas condicións e cos axustes tidos en conta na súa proxección ao remate deste exercicio orzamentario, coa marxe que se recolle no anexo I citado.

B.2 – REGRA DE GASTO.

Non se toma en consideración o importe destinado a incrementar a dotación inicial do POS+2019, que ascende a 30.000.000,00 € pola razón exposta anteriormente.

Ao presente informe acompañaase o anexo núm. II que ten por obxecto a “análise e a avaliación do cumprimento da regra de gasto á que se refire a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”, que dá como resultado o previsíbel cumprimento do límite de gasto para o exercicio 2019 cunha marxe que se detalla no anexo II referido.

B.3 – LÍMITE DE ENDEBEDAMENTO

A situación da débeda provincial por operacións de crédito a 1 de xaneiro de 2019 e a evolución prevista durante o dito exercicio é a detallada no informe da Intervención ao Orzamento do exercicio 2019, que pon de manifesto a inexistencia de operacións de crédito con entidades financeiras, concertadas ou programadas para o exercicio.

Os importes a devolver como consecuencia das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009 polos tributos cedidos do Estado e polo Fondo Complementario de Financiamento, presentan a evolución durante o exercicio 2019 que se pon de manifesto a continuación:

CONCEPTO	PENDENTE DE DEVOLUCIÓN A 01.01.2019	IMPORTE QUE SE HA REINTEGRAR ANO 2019	PENDENTE DE DEVOLUCIÓN A 31.12.2019
Liquidación 2008	5.267.133,49	405.164,04	4.861.969,45
Liquidación 2009	22.321.070,88	1.717.005,60	20.604.065,28
TOTAL	27.588.204,37	2.122.169,64	25.466.034,73

TERCEIRO: CONSIDERACIÓNS FINAIS

De canto se expuxo poden obterse as seguintes conclusións relevantes.

PRIMEIRA: O expediente de modificación de créditos núm. 1/2019, de aprobación polo Pleno, finánciase con recursos suficientes de acordo coa normativa orzamentaria de aplicación e ascende a 83.325.998,13 euros.

SEGUNDA: Tramitar o EMC 1/2019 implica unha “necesidade de financiamento total” das previsións definitivas por operacións non financeiras de 305.771,00 € como consecuencia de utilizar como fonte de financiamento o remanente de tesourería no importe total de 305.771,00€.

